

Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2015. NÚM. 4/2015.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)


**CONCELLEIROS:**


D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).  
D. MANUEL GONZÁLEZ OTERO (P.P.).  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).  
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Non asiste:** D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).





Lalínmunicipio

Secretaría Xeral






Concello de Lalín

## ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior Nº 3/2015 de 30 de marzo .....	páx. 2
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 2
3.- Expediente de modificación de créditos Nº 2-P/2015. Crédito extraordinario.....	páx. 7
4.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
4.1.- Moción do PSdeG-PSOE en relación ao transporte de viaxeiros en Lalín .....	páx. 10
4.2.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde en relación ao Parking Europa .....	páx. 13
5.- Moción do BNG:	
5.1.- Moción do BNG demandando un plan de mantemento dos centros públicos de ensino infantil e primaria.....	páx. 14
6.- Rogos e preguntas.....	páx. 16

=====



Sendo as dez horas do **luns día 27 de abril de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*, e como Interventora Xeral *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste D. Francisco Pérez Donsión (PSdeG-PSOE).  
Incorpórase unha vez iniciada a sesión D. Manuel González Otero (P.P.).

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta N<sup>o</sup> 3/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2015. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta n<sup>o</sup> 3/2015 correspondente á sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2015, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.



### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**


Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N<sup>o</sup> 2-P/2015. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 17 de abril





LalInkmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de abril de 2015.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, Concelleiro Delegado de Facenda, explicou o expediente. Había dúas intervencións previstas polo Concello na igrexas de Donsión e na de Vilatuxe. Había que manter estas instalacións, e especialmente os tellados das mesmas.

Explicando tamén a postura do goberno o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que de seguir as cousas así, pronto caerían as igrexas. O Concello axudaría a mantelas, para evitalo. Lembrou que en Donsión, unha igrexa na que puxo especial coidado o que foi arzobispo de Santiago para o seu mantemento; nela estaba prevista a actuación do Obradoiro de Emprego. Precisaba un maior mantemento. A de Vilatuxe tamén o necesitaba. Por elo unha parte, a metade aproximadamente, abonaríase polo Obispado de Lugo. En Donsión era menos contía: uns corenta e un mil euros.

Lembrou que desde a Deputación de Pontevedra tamén se colaborou, asumindo responsabilidades importantes na recuperación e no mantemento destas instalacións. En Vilatuxe a obra a acometer era de máis importancia. Ao parecer entraba auga polas columnas; había que poñer o falso teito, e o tellado sería totalmente novo. O Concello fará unha pequena colaboración para manter estas instalacións.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** manifestou o desacordo do seu grupo coa asunción deste gasto municipal a modo de subvención. Non era para levar a cabo un gasto extraordinario, non; ao contrario era acometer un gasto ordinario de mantemento, para a conservación das igrexas. Isto, tarefa e gasto, correspondía ao seu dono, que neste caso é a Igrexa ou aos seus feligreses, pero non ao Concello. Sucedía que doutra banda a Igrexa non pagaba o IBI ao Concello nin por estes bens, nin por outros centros e edificios. De repente, o Concello asume, sen máis, a realización deste gasto ordinario de conservación, unha situación que viña motivada polo abandono e a falta de atención da propia Igrexa e dos seus feligreses das súas instalacións.



Polo BNG, **D. José Luís Sucasas Fernández** adiantou que non estaban de acordo con esta proposta.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** indicou que as igrexas formaban parte do patrimonio cultural importante que había que conservar. A Igrexa non tiña potencial económico para mantelas, xa que o custo era elevado. Apoiaría a proposta

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14), sendo trece (13) do PP e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: dous (2) do BNG.*



*Abstencións: tres (3) do PSDEG-PSOE.*

Xa que logo **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 17 de abril de 2015, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 2-P/2015, a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvencións nominativas ao Obispado de Lugo co obxectivo de contribuír cunha axuda económica ao financiamento parcial das obras de reparación nas cubertas das igrexas parroquiais de Donsión e Vilatuxe. Ámbalas dúas igrexas atópanse catalogadas polo vixente P.X.O.M, figurando con nivel de protección integral, considerándose oportuno conceder unha axuda que redunde na protección deste patrimonio histórico, achegándose a este expediente as correspondentes memorias xustificativas da necesidade das reparacións e do seu orzamento. A concesión de subvencións nominativas con cargo ao orzamento 2015 supón ademais a modificación das bases de execución do citado orzamento para dar entrada ás mesmas.


En base ao anteriormente exposto e á vista da documentación que consta no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**


**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente da modificación orzamentaria nº 2-P/2015, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
336.780.05	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico Subvención obras reparación Igrexa parroquial de Donsión	7.500,00
336.780.06	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico Subvención obras reparación Igrexa parroquial de Vilatuxe	7.500,00

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO ..... 15.000,00





Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

A aprobación do Crédito extraordinario para a concesión das subvencións propostas supón modificar as Bases de Execución do Orzamento 2015 co fin de contemplar estas subvencións nominativas nas mesmas.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
920.130.02	Administración Xeral. ....	15.000,00
	Laboral fixo. Outras remuneracións	
	TOTAL BAIXAS .....	15.000,00

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.



**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo, polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **4. MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-**

##### **4.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN AO TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción de data 1 de abril de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 1964. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de abril de 2015.



Dende o PSdeG-PSOE **D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo o contido da moción. Explicou que o Concello non fixo nada neste tema para solucionar os problemas que había no sector. Por exemplo: non actuou para a adquisición dos taxímetros. O PSOE presentou unha moción contra a lei da Xunta de Galicia, para abordar esta situación con problemas similares. Lembrou que o PP votou en contra da súa moción.

Agora había unhas vinte e sete licenzas, máis das vinte que lle correspondían a Lalín, aproximadamente un 35 % máis. Había que ver o que se facía para reducilas, e evitar que o número sexa superior.

Tamén había competencia desleal cos autobuses que tiñan outras autorizacións, porque contaban con máis paradas que as autorizadas, e elo era competencia aos taxistas.

Diante desta problemática e das reclamacións, nin o goberno municipal nin a Policía Local facían nada. Leu de seguido as partes dispositivas da súa moción, e pediu diálogo e busca de solucións para ir adaptando as licenzas actuais ao número legal que debe contar Lalín.

Polo BNG **D. José Luís Fernández Sucasas** indicou que non tiña nada que dicir.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** admitiu que había crise no sector. Había que estudar esa problemática e buscar solucións. Había ese exceso de licenzas e había que abordalo. Se no futuro se presentaban solucións, nese caso as apoiaría.

Polo grupo de goberno, o concelleiro delegado, **D. Camilo González Bodaño** indicou que rexeitarían a moción, porque xa se estaba a facer polo goberno municipal o que se pedía na mesma.

Salientou que el persoalmente tivo unha reunión con eles. O sistema que empregaban consistía en que cando estaban a punto de xubilarse, negociaban as prazas con outras persoas. Isto era difícil de evitar.

Sobre as paradas de autobuses, dixo que había dúas empresas: *Autocares Mosquera* e *Presas*. En xullo e outubro pedimos un informe da Policía Local, que se emite o 14 de outubro do ano pasado e solicitouse documentación ás empresas.

A empresa *Presas* non presentou documentación. O día 22 de abril si que a presentou finalmente.



As funcións de control levábaas a cabo a Policía Local.


A empresa *Mosquera* tivo unha inspección da Xunta de Galicia. O día 9 de marzo deste ano lle incoaron un expediente, por ter paradas sen autorización.

En canto ao intrusismo profesional neste edido era difícil de controlar. Había que ter denuncias para actuar. A policía local informou que non detectaron nada, o mesmo que sucedía coas que as vendían.

*Sendo as 10:31 horas incorpórase á sesión D. Manuel González Otero (P.P.), quedando o número de asistentes en vinte (20), sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

Falou o Sr. Alcalde. **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que se estaba a traballar nelo.





Lalín Muncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Cando un taxista xubilábase ía para a súa casa. Pero ás veces ocorría que podía seguir facendo viaxes. Isto era moi difícil de controlar, porque non se sabía cando, con quen, se pagaba en B, e era difícil detectar sen denuncias do servizo.

Se estaba a facer un control e por elo xa se realizaba o que se pedía na moción; non obstante reiterou que era difícil controlar por exemplo o que un taxista xubilado facía desde a súa casa.

De novo **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que todo empezou a raíz dun escrito da Asociación de Taxistas. O mesmo pasouse á Policía Local e á Xunta de Goberno e ás empresas.

A Policía Local non lle dá traslado a el. A pesar disto, o informe corrobora parte da denuncia. *Presas* ten paradas no *Bar Ramos* e no *Hotel Palacio*, e ningunha destas coincide coas paradas que ten concedidas. Ese informe da Policía chega á Xunta de Goberno. Non obstante desde a Xunta de Galicia chaman por teléfono para coñecer a situación. Desde a Policía Local lles din que estaba todo ben e que non lle constan irregularidades. Facía falta saber quen foi o que dixo isto.

A empresa *Mosquera* contestou catro días despois. Sucedía que unha persoa da outra empresa foi nas listas electorais do partido de goberno antes e agora. Isto era sospeitoso. Pero en todo caso supuña un trato discriminatorio para unha das empesas, por canto unha delas tiña os papeis en regra e a outra non cumpría, facendo máis paradas das autorizadas. O caso é que o goberno local non facía nada e desde a Policía Local se dixo que todo ía ben. Volveu a falar de discriminación.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o trato era igual, que non houbo nin había discriminación.

De novo **D. Camilo González Bodaño** salientou que o 9 de marzo de 2015 houbo unha inspección. Na rúa Matemático Rodríguez, na estatua de Loriga había parada.

Por alusións contestou **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** para indicar que no café Ramos non había parada autorizada.




Houbo un debate de seguido para sinalar que **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** insistía unha e outra vez en que había que investigar para saber quen foi desde a Policía local que lle dixo á Xunta de Galicia que a empresa *Mosquera* cumpría coas condicións da concesión.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

1º.-Inicio urxente dunha campaña de loita contra o intrusismo no sector do taxi implicando non so á Policía Local, senón tamén propiciando a colaboración doutras administracións a través da garda civil de tráfico, inspectores dos órganos competentes en materia de transportes da Xunta de Galicia, etc.

2º.-Control por parte da Policía Local para erradicar as paradas das empresas de autobuses no casco urbano, fóra da Estación de autobuses, para recoller e deixar viaxeiros.

3º.-Estudar fórmulas para ir adaptando progresivamente o número de licencias de taxi de Lalín ao previsto na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.





Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: cinco (5), sendo tres (3) do PSDEG-PSOE e dous (2) do BNG.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: unha (1) do PGD.*

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

#### **4.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE EN RELACIÓN AO PARKING EUROPA.-**

A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de abril de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 2254. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 23 de marzo de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE, **D. Manuel Mª González Aller**, expuxo o contido da moción. Salióntou que estes días apareceron na prensa unhas noticias sobre a negociación coa empresaria concesionaria do parking. Esta obra supuña unha desfeita urbanística e tamén un cúmulo de gastos municipais, en parte xa feitos. A empresa solicitaba no contencioso unha indemnización de cinco millóns trescentos mil euros. Agora que se estaba en fase preelectoral non parecía normal que a oposición e a opinión pública ignorasen eses tratos, máxime cando nos doce anos que duraba este conflito o goberno municipal non fixo nada por solucionar o problema.

Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que sí comparecía e nesta sesión, en resposta á moción. Non van a dicir nada, había unha negociación entre as partes, e cando houbera algo xa se diría.

De novo **D. Manuel Mª González Aller** preguntou que clase de negociación e que indemnización se negociaba, para ter unha impresión do que estaba enriba da mesma.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que a negociación ía a toda presa, que levaba tempo, aínda que xa se negociaba desde hai un tempo, e agora estaba máis avanzada. Salióntou que cando estea rematada, se sae ben, virá a sesión plenaria para a súa aprobación, con pelos e sinais.

#### **5.- MOCIÓN DO BNG.-**

##### **5.1.- MOCIÓN DO BNG DEMANDANDO UN PLAN DE MANTEMENTO DOS CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO INFANTIL E PRIMARIA.-**



A Presidencia deu conta desta moción de data 20 de abril de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 2244. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadá do día 23 de abril de 2015.

Polo BNG, **D. José Luís Fernández Sucasas** procedeu a dar lectura ao contido da moción.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller** dixo estar de acordo coa mesma. Coidaba que había que facer unha planificación deste eido e non tomar decisións día a día.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** adiantou que apoiaría a moción.

Polo grupo de goberno o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que o goberno municipal era coñecedor das deficiencias dos centros escolares de Lalín. Lembrou que estando el de Presidente da FEGAMP se asinou un acordo entre este organismo e a goberno bipartito daquela

Por alusións **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez**, preguntou: *¿Quen propiciou ese acordo?*

Indicou que o goberno bipartito daquela se preocupou e moito pola educación e adicou bastantes recursos a esta área.



Seguiu a falar o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que se algo fixo na FEGAMP cando el foi Presidente foi cumprir en algo como era o ensino. Dos tres gastos municipais que se realizaban e que se reclamaba a asunción pola Xunta de Galicia, isto é, calefacción, o segundo a enerxía eléctrica e o terceiro os uxieres ou o persoal que pagaban os concellos, só se conseguiu cumprir o primeiro o da calefacción. Tampouco se conseguiu nada no eido sanitario e urbanístico, pero non foi por non levar a cabo varios intentos.

Outra vez **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que o goberno bipartito estivo uns tres anos e medio e non rendeu tanto o tempo. Non lle estrañaba que o goberno municipal esperase a que cambiase o goberno da Xunta de Galicia para pedir de novo estas reclamacións.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o tempo puña a cada un no seu sitio. El fixo bastante neste eido. O certo era que os concellos asumían aínda os gastos que sempre reivindicaron. Indicou que a axuda do goberno central para este fin, en principio para os cinco colexios que había en Lalín, non chegaba para o mantemento dun solo.

O Concello tiña que asumir estes gastos para dar este servizo.

Na segunda rolda, **D. Manuel María González Aller** indicou que era unha obriga do Concello, unha encomenda que marcaba a lei para manter estes centros. Non entendía como



Secretaría Xeral

nesta mesma sesión, noutro expediente, o Concello atendía e realizaba un gasto para a conservación dunhas igrexas, e agora cuestionaba o gasto para realizar o mantemento dos servizos de ensino. Non se entendía.

Tamén por alusións o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o Concello si que realizaba o mantemento dos cinco colexios, e gastaba os vinte mil euros que recibía do Estado, pero multiplicado polos cinco colexios, dando un total de cen mil euros. Lembrou que no colexio Xesús Gomar estaba previsto realizar gastos para cubrir o patio e para outros gastos de mantemento. Defendeu que o Concello colaborase nun convenio coa Igrexa e coa Deputación Provincial para evitar a caída dos tellados das igrexas de Vilatuxe e de Donsión.

De novo **D. José Luís Sucasas**, do BNG, preguntou: Á vista das verbas do Sr. Alcalde de que o Concello presta o servizo e atende os gastos de mantemento: *¿Debería habelo presentado ou non a moción?*

Se o goberno municipal dicía que xa o estaban a facer: *¿por que non apoiaban a moción?*

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmando que postos a preguntar: *¿por que non presentaba esa mesma petición no Parlamento de Galicia?*. Reiterou que cando el foi Presidente da FEGAMP das tres cuestións que acordaron solucionar

e asinaron para que a Xunta de Galicia as asumise, a día de hoxe só se facía cargo a Xunta de Galicia dos gastos de calefacción. E as outras dúas peticións que ían na moción e que se referían a aquel acordo podían levarlas ao Parlamento de Galicia.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*1º.- Elaboración dun catálogo de necesidades en cada centro.*

*2º.- Determinación das necesidades que son competencia municipal e plan orzamentario con prazos para resolvelas.*

*3º.- Acordo do Pleno para instar á Xefatura Territorial a que se comprometa a afrontar as que sexan da súa competencia.*

*4º.- Elaboración dun "Protocolo de comunicación e colaboración cos centros de ensino" que permita detectar posibles problemas e necesidades e darlle unha resposta áxil.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:


*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.-**



### **6.1.- ROGOS.**

#### **Presentados de xeito verbal durante a sesión:**

#### **PSdeG-PSOE.**

#### **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller.**

1.- **ROGO.-** Pide ao Sr. Alcalde o informe e o balance da xestión económica do Lalín Arena dos anos 2013 e 2014. No ano 2013 os ingresos foron 230.000 e no 2014 sobre 300.000. No 2015 sacado cálculos dos doce meses anteriores, este ano serían uns 390.000 ou 400.000 euros, dos que xa se cobraron 232.000 €. Reitera que pediu en varias ocasións os informes e que non chegaron. Os pide de novo.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

2.- **ROGO.-** Pide que se informe sobre o estado administrativo e as actuacións municipais das vivendas que están construídas nas inmediacións da praia fluvial de Vilatuxe.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

3.- **ROGO.-** Indica que o seu partido político vai propoñer ás Cortes Xerais unha iniciativa para que os concelleiros voten libremente no seu cometido e para que algúns sexan elixidos por sorteo tamén.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

4.- **ROGO.-** En relación coa rúa Principal que está chea de parches e remendos, pide que se negocie coa empresa de Gas Natural para atender solucionar o problema e que as rúas volvan a ter o estado orixinal antes das obras que acometeu a mesma.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*




### **6.2.- PREGUNTAS.**

#### **Presentadas de xeito verbal durante a sesión:**

#### **PSdeG-PSOE.**

#### **D. Manuel M<sup>a</sup> González Aller.**

1.- **PREGUNTA.-** En relación co valado que o seu grupo pediu para colocar na Alameda que está solicitado desde hai tempo, en concreto desde hai dous anos e que se está a facer e



Secretaría Xeral

non se termina. Quere saber cando estará colocado.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**2.- PREGUNTA.-** Quere saber que pasa cos bolardos que desde hai 6 ou 7 anos están gardados e que inicialmente se ían colocar na Praza da Igrexa e nas rúas dos colexios.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

**3.- PREGUNTA.-** En relación coa fraga de Casas Vellas quere saber: ¿Como vai o traballo que encargou o Concello, estaba avanzado ou rematado? Cando van poder dispoñer do mesmo?

*Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias, o Sr. Alcalde-Presidente, a todas as cuestións. Indicou que se estaba realizando un traballo sobre o ENIL que estaba bastante avanzado e que cando estea xa se verá o que di e o que se faría.*

*Sobre outro dos temas sacados a debate sinalou que o Concello recuperou uns oitenta mil euros de reactiva no servizo de subministro eléctrico, nun proceso de estudo das facturas e*

*logo de reclamación a Unión Fenosa iniciado desde hai un anos. Agora se estaba a estudar para reclamar polos consumos cobrados a maiores de tres anos máis.*

*Tamén darían explicacións abundantes e detalladas cando estean os informes. Esperaba que estean en poucos días.*

*Sobre o Lalín Arena indicou que faltaban os informes de Intervención, porque este servizo a día de hoxe aínda non os deu. Parecía que este ano habería máis ingresos. Os gastos cando o control do déficit o permitan poderían aumentar. Había mil cincocentos usuarios ao ano, dos que máis de mil douscentos eran abonados.*

*En relación coa Carballeira de Casas Vellas, indicou que agora a pelota estaba no terreo da Xunta de Galicia. Había un informe do Valedor do Pobo que efectuaba unha serie de recomendacións, e había que ver se a Xunta de Galicia o aceptaba ou non. O estudo sobre o ENIL tamén estaba en marcha e coidaba que nas vindeira semana xa o traerían ao Concello.*

*Pensaba que o ENIL non era a solución a este problema. A situación non tiña fácil solución, porque Unión Fenosa, a empresa encargada de efectuar a LAT xa tiña as licenzas e todos os permisos concedidos con anterioridade. Se houberse un contencioso-administrativo contra a dita empresa, seguramente perderíase.*

*Finalmente indicou que estabamos na despedida da lexislatura. Valoraba isto como unha experiencia vital para todos. A algúns dos edís, como Eva, Sara, Xesús Cordeiro ou Manuel Aller, agradeceulles a súa labor a prol da Corporación, porque xa non ían nas listas electorais do 24 de maio de 2015 ou ían moi atrás.*

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos.

O Alcalde.  
José Crespo Iglesias

Dou Fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas

